

AUXILIAR ADMINISTRACIÓN XERAL
PROCESO ESTABILIZACIÓN
1º EXERCICIO 22/10/2024
GALEGO

1.- De acordo co artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a eficacia dos actos administrativos quedará demorada:

- a) Soamente cando se esixa a súa publicación nos boletíns oficiais.
- b) A súa eficacia nunca poderá ser demorada.
- c) A súa eficacia só poderá ser demorada por causa debidamente xustificada de forza maior.
- d) **Cando así o esixa o contido do acto ou estea supeditada á súa notificación, publicación ou aprobación superior.**

2.- Conforme ao artigo 47 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son nulos de pleno dereito os actos das Administracións Públicas cando. Sinala a resposta incorrecta:

- a) **Sexan contrarios ao ordenamento xurídico**
- b) Lesionen os dereitos ou liberdades susceptibles de amparo constitucional
- c) Teñan un contido imposible
- d) Sexan constitutivos de infracción penal

3.- Unha vez vencido o prazo para ditar e notificar resolución, en procedementos iniciados de oficio dos que puidese derivarse o recoñecemento ou a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables:

- a) Os interesados que comparecesen poderán entender estimadas as súas pretensións por silencio administrativo
- b) **Os interesados que comparecesen poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo**
- c) Producirase a caducidade
- d) Producirase a prescrición

4.- Cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non acharse presentar este en o momento de entregarse a notificación:

- a) Poderá facerse cargo da mesma calquera persoa maior de 16 anos que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade
- b) Poderá facerse cargo da mesma calquera persoa maior de 14 anos que se atope no edificio e faga constar a súa identidade
- c) **Poderá facerse cargo da mesma calquera persoa maior de 14 anos que se atope no domicilio e faga constar a súa identidade**
- d) Non poderá facerse cargo ningunha outra persoa

5.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en todo caso, en todos os municipios, débense prestar os servizos seguintes. Sinala a resposta correcta:

- a) Parque público
- b) Biblioteca pública
- c) Acceso aos núcleos de poboación**
- d) Transporte colectivo urbano de viaxeiros

6.- Os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) Nun estanco debidamente acreditado
- b) En ningunha oficina de Correos
- c) Na páxina web da Administración ou Organismo ao que se dirixan
- d) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro**

7.- A quen lle corresponde, nos Municipios de gran poboación, a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e das súas comisións?

- a) Ao alcalde.
- b) Ao Pleno.
- c) Á Xunta de Gobierno local.**
- d) Ao secretario da Corporación.

8.- Segundo o artigo 15 do RDL 5/2015, do 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, é un dereito individual dos funcionarios públicos, exercido colectivamente:

- a) A libre asociación profesional.
- b) A liberdade sindical.**
- c) A formación continua.
- d) Percibir as indemnizacións que correspondan legalmente por razón do servizo.

9.- A saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares:

- a) En ningún caso se poderán rexistrar de saída nos Rexistros Electrónicos Xerais das Administracións Públicas
- b) Poderase anotar no Rexistro Electrónico Xeral de cada Administración.**
- c) Unicamente se poderá anotar no Rexistro físico Xeral da Administración de destino
- d) En ningún caso se anotarán as saídas de documentos en Rexistros de Administracións Públicas.

10.- Cal das seguintes faltas aparece como moi grave no art. 95 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- a) O incumprimento da obrigaón de atender os servizos esenciais en caso de folga
- b) Todas as respostas son correctas**

- c) O incumprimento das normas sobre incompatibilidades cando iso dea lugar a unha situación de incompatibilidade
- d) O acoso laboral

11.- Respecto ao orzamento xeral da entidade, a Lei Reguladora das Facendas Locais, no seu artigo 169 dita que:

- a) Aprobado definitivamente expoñerase ao público
- b) O período de exposición será dunha semana
- c) Aprobado inicialmente expoñerase ao público por un mínimo de 5 días
- d) **Ningunha das anteriores é correcta**

12.- O orzamento da Entidade local:

- a) Será formado polo pleno e a el haberá de unirse unha memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente
- b) **Será formado polo presidente da entidade local e remitirao ao pleno da corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.**
- c) Deberá ir acompañado da liquidación do orzamento do exercicio anterior e avanzada do corrente, referida, polo menos a tres meses do exercicio corrente
- d) Ningunha é correcta

13.- Son medios de execución forzosa. Sinala a resposta incorrecta:

- a) A execución subsidiaria.
- b) **O apercibimento.**
- c) A multa coercitiva
- d) A compulsión sobre as persoas

14.- Segundo o artigo 112 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son recursos administrativos:

- a) O recurso extraordinario de revisión e o recurso de amparo.
- b) O recurso contencioso administrativo e o recurso de potestativo de reposición.
- c) O recurso de apelación e o recurso de suplicación.
- d) **O recurso potestativo de reposición e o recurso de alzada.**

15.- Sinala a resposta correcta, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015:

- a) A administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.
- b) Exceptúanse da obriga de resolver os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, así como os procedementos relativos ao exercicio de dereitos sometidos unicamente ao deber de declaración responsable ou comunicación á administración.
- c) **As respostas a) e b) son correctas**
- d) Ningunha resposta é correcta

16.- Segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, 2 de abril , Lei reguladora das bases de réxime local, nos municipios de réxime ordinario Cal das seguintes funcións do alcalde é delegable?:

- a) **Representar o concello**
- b) Ditar bandos
- c) Dirixir o goberno e a administración municipal
- d) Ningunha das funcións anteriores é delegable

17.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica que no procedemento disciplinario que se estableza no desenvolvemento do Estatuto quedará establecida a debida separación entre:

- a) A fase instrutora e a sancionadora, encomendándose ao mesmo órgano en aplicación do principio de economía procesual
- b) **A fase instrutora e a sancionadora, encomendándose a órganos distintos**
- c) A fase inicial, probatoria e final, encomendándose a órganos distintos
- d) A fase instrutora e final, encomendándose ao mesmo órgano en aplicación do principio de economía procesual

18.- A facenda das entidades locais non estará constituída por:

- a) As participacións nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas
- b) Os tributos propios clasificados en taxas, contribucións especiais e impostos e as recargas esixibles sobre os impostos das Comunidades Autónomas ou doutras entidades locais
- c) O produto das operacións de crédito
- d) **A doazón voluntaria que reciben da cidadanía para a execución de determinadas obras municipais**

19.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para resolver, este será de:

- a) 1 mes
- b) 2 meses
- c) **3 meses**
- d) 4 meses

20.- Forma parte da documentación que haberá de unirse ao orzamento da entidade local unha vez formado pola súa Presidente:

- a) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente
- b) Anexo de persoal da Entidade Local

- c) Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente
- d) **Todas as anteriores**

21.- Segundo o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) No caso de inicio dunha actividade será esixible a presentación dunha declaración responsable pero non dunha comunicación
- b) **Unha comunicación é un documento mediante o que os interesados poñen datos identificativos ou outros relevantes en coñecemento da Administración Pública competente**
- c) Supoñerá a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato ou información incorporada a unha declaración desde o momento en que se determinen as responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dese lugar
- d) As Administracións Públicas publicarán periodicamente modelos de declaración responsable e de comunicación

22.- Considérase competencia propia que o artigo 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das de Bases de Réxime Local, recoñece aos Municipios:

- a) Cooperar coa Administración Educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos de educación secundaria.
- b) **Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.**
- c) Intervir nos órganos de xestión dos centros públicos de bacharelato e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.
- d) Todas as respostas son correctas

23.- Segundo o artigo 48 da Lei 39/2015, sinala a resposta correcta:

- a) Son nulos os actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- b) O defecto de forma só determinará a nulidade do acto cando este careza dos requisitos formais esenciais para alcanzar o seu fin ou de lugar a indefensión dos interesados.
- c) **A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o dispoña a natureza do termo ou prazo.**
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

24.- Cales son os elementos que conforman o municipio?

- a) Territorio, poboación e comunidade
- b) Territorio, comunidade e veciños
- c) **Territorio, poboación e organización**
- d) Termino municipal, sociedade e organización

25.- De acordo co previsto no artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se o recurso de alzada interponse ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado:

- a) Este deberá remitilo ao órgano competente para a súa resolución no prazo de quince días.
- b) Este deberá resolver no prazo de dez días.
- c) Este deberá remitilo ao órgano competente para a súa resolución no prazo de dez días.**
- d) Este deberá solicitar ao recorrente a corrección na interposición do recurso.

26.- Segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a defensa dos usuarios e consumidores:

- a) É un servizo obrigatorio que deben prestar todos os Concellos de máis de 20.000 habitantes.
- b) É unha competencia propia das Entidades Locais.
- c) Desapareceu na actualidade da lista de competencias propias das Entidades Locais.**
- d) Todas as anteriores son correctas

27.- Segundo o artigo 15.3 do LDR 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria exercerase:

- a) A través de ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos cedidos polo estado ás comunidades autónomas
- b) A través de ordenanzas xerais dos seus tributos propios e de ordenanzas fiscais de xestión, recadación e inspección
- c) A través de ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección**
- d) A través de ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos cedidos polo estado ás entidades locais.

28.- O RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que o orzamento xeral debidamente aprobado:

- a) Entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.
- b) Entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez inserido no boletín oficial da corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.**
- c) Entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.
- d) Todas son incorrectas.

29.- Segundo o art. 95 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, as faltas disciplinarias poden ser:

- a) Moi graves, graves e simples
- b) Moi graves, graves e leves**
- c) Extremadamente graves, moi graves, graves e leves
- d) Graves e moi graves

30.- Que recurso cabe contra a aprobación definitiva do orzamento das entidades locais?

- a) Ningún
- b) Recurso contencioso-administrativo**
- c) Recurso extraordinario de revisión
- d) De suplica

PREGUNTAS RESERVA

31.- Con respecto á negociación colectiva, segundo o establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) As condicións de emprego do persoal directivo estarán suxeitas aos principios de obrigatoriedade, publicidade e transparencia na negociación colectiva
- b) Por parte das organizacións sindicais, estarán presentes nas Mesas de Negociación as máis representativas a nivel estatal, de comunidade autónoma e provincial
- c) Para a negociación colectiva de condicións de traballo dos funcionarios públicos constituiranse Mesas de Negociación**
- d) Todas as respostas son correctas

32.- Entre as sancións por razón das faltas cometidas, e segundo o art. 96 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase a separación do servizo dos funcionarios, que no caso dos funcionarios interinos:

- a) Comportará a revogación do nomeamento**
- b) Terá os mesmos efectos que para os funcionarios de carreira
- c) Comportará a suspensión dos dereitos económicos durante a duración da mesma
- d) Ningunha das outras respostas é correcta

33.- En que artigo da Constitución Española regúlase o municipio:

- a) 139
- b) 141
- c) 140**
- d) 144

34.- Segundo establece o artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- a) **Salvo os supostos previstos nesta lei, las entidades locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes.**
- b) Cada CCAA acorda a imposición e supresión dos tributos das entidades locais, correspondendo a cada entidade local aprobar as ordenanzas fiscais reguladoras destes.
- c) Cada CCAA acorda a imposición dos tributos das entidades locais e o desenvolvemento das mesmas.
- d) Salvo os supostos previstos nesta lei, as deputacións provinciais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, dentro dos límites fixados polas CCAA.

